

centro dramático galego

CDG: XXV ANOS

parte de ti



centro
dramático
galego

Presentación da temporada 2008-2009

Dossier de prensa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



SALONTEATRO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

ÍNDICE

1. Presentación	4
2. Producción propia	5
2.1. <i>A boa persoa de Sezuán</i>	5
2.2. <i>As Dunas</i>	8
3. Coproducións	11
3.1. <i>Rúa Aire</i>	11
3.2. <i>Eco</i>	12
3.3. <i>Wake up</i>	13
4. Programación do Salón Teatro	14
5. Espazos CDG	25
6. Servizos á cidadanía	26
6.1. Préstamos de atrezzo	26
6.2. Asesoramento profesional	26
6.3. Viaxe ao teatro	27
6.4. Xornadas técnicas	27
6.5. Xornadas pedagóxicas	28
7. Centro de Creación Dramática Contemporánea	29
7.1. <i>Pistas para unha dramaturxia da actualidade III</i>	29
7.2. <i>A escena aumentada: Galicia (2ª parte)</i>	31
7.3. Residencias artísticas	32
8. Publicacións	34

1. PRESENTACIÓN

Dúas producións propias coa súa conseguinte distribución, outros tres espectáculos en réxime de coprodución con grupos privados, o mantemento da programación do Salón Teatro e a continuidade do Centro de Creación Dramática Contemporánea son os eixos fundamentais que centrarán a actividade do Centro Dramático Galego (CDG) para a nova temporada, a que vai de setembro de 2008 até xullo de 2009 e na que se cumprirá o 25 aniversario do nacemento da única compañía institucional de teatro de Galicia.

O CDG celebra estes vinte e cinco anos de existencia como o servizo público escénico para todos os galegos e galegas. Unha efeméride que terá a súa especial relevancia no segundo ciclo de programación, coincidindo coa data exacta na que a compañía pública comezou a súa andaina.

Durante este tempo, o CDG converteuse nunha institución sólida e consolidada que puxo en escena un total de 78 obras, difundindo o seu traballo por practicamente toda a xeografía nacional, ampliando a difusión das montaxes polo territorio estatal; probando novos formatos de espectáculo para chegar a máis lugares e a novos públicos; buscando a representación tanto dos grandes repertorios dramáticos contemporáneos como dos grandes clásicos galegos e internacionais, postos ao día e enfrontados á realidade dos nosos coetáneos; propiciando un achegamento á actividade escénica grazas ao deseño dunha serie de servizos que pretenden apoiar a actividade escénica de base e achegar as súas producións a toda a cidadanía; creando ou reforzando vínculos con outros teatros, festivais e institucións que comparten o mesmo interese pola difusión do teatro.

Vinte e cinco anos anos que recollen todo o esforzo, ilusión e traballo das xentes do teatro que foron quen de emprender este ilusionador e necesario proxecto, para mirar cara ao futuro e seguir creando e impulsando a escena galega desde unha perspectiva actual, do noso tempo, conectada coa sociedade e feita para todos os galegos e galegas. Porque o CDG parte de ti, o CDG é parte de ti.

2. PRODUCCIÓN PROPIA

O CDG afronta a nova temporada co obxectivo primordial de consolidar os públicos e de seguir servindo a toda a cidadanía galega por medio dun servizo cultural público, próximo e de calidade.

No plan de produción propia, a compañía pública inaugura este novo curso teatral cunha concepción distinta: en lugar de tres producións levaranse a cabo dúas, pero con amplos elencos. Así, o primeiro dos espectáculos que verá a luz será *A boa persoa de Sezuán*, de Bertolt Brecht baixo a dirección de Nuno Cardoso. Xa en marzo, porase en escena a segunda das propostas, *As Dunas*, o texto que vai xurdir do programa de dramaturxia residente.

Os criterios aplicados avanza nas liñas de actuación das temporadas pasadas, como son o desenvolvemento tanto do repertorio dramático contemporáneo como dos grandes clásicos enfrontados á realidade de hoxe, ou a clara aposta pola dramaturxia galega.

Ademais, o CDG inicia este período coa vontade de espallar o seu discurso dramático por todo o país, entendendo a súa actividade como un servizo público teatral, que ha de estar baseado na máxima difusión do seu traballo. Para alcanzar este obxectivo, consolidarase a colaboración establecida nos Espazos CDG como punto de encontro, de difusión e de promoción escénica.

2.1. *A boa persoa de Sezuán*

Autoría: Bertolt Brecht

Dirección: Nuno Cardoso

Estrea: 24 de outubro de 2008 no Salón Teatro (Santiago de Compostela)

A boa persoa de Sezuán é unha obra de madurez de Bertolt Brecht. Trátase dunha divertida parábola do capitalismo, localizada na china con vocación de musical. Foi escrita en 1940, o que nos dá unha oportunidade única de coñecer o seu mundo escénico.

Tres deuses baixan á terra coa esperanza de encontraren persoas que sigan os seus ditados: que sexan boas persoas. A primeira que descubren é a única que os acolle en Sezuán, Shan-Te, unha prostituta a quen premian dándolle outro medio de vida: unha tenda de tabaco. Mais os habitantes da aldea non tardarán en aproveitarse descaradamente das boas intencións da rapaza, polo que esta, cansada deles, decide disfrazarse dun personaxe masculino chamado Shui-Ta que, con enorme frialdade, expulsa a todos os que queren vivir a conta do seu sacrificio.

Resucita Brecht?

Pasaron sesenta e cinco anos desde que un expatriado Brecht escribiu na solleira California esta súa fábula amargada onde a bondade é detestada ao límite nun mundo desprovisto da mesma e no cal, a boa alma en cuestión, gaña interpretacións cada vez máis distantes daquilo ao que o sentido común nos leva precipitadamente a definir como bondade ou persoa bondadosa.

O mundo de entón era unha ferida aberta. O fascismo, o capitalismo e o comunismo enfrontábanse nunha horrible guerra que, máis que calquera outra antes, nos mostrou o mal e nos legou aos nosos días uns pavorosos, creo, sesenta millóns de mortos e unha palabra negra: holocausto.

O mundo mudou. Vivimos hoxe a era da globalización. O muro caeu. Inventamos foros internacionais para a mediación de conflitos ben máis eficaces que a obsoleta Sociedade de Nacións. A democracia foi investida como divindade e a fin da historia foi anunciada.

Entón por que?

Para que?

Cal é a razón de facer en 2008 A boa persoa de Sezuán?, de facer Brecht?

Non estará pasado?

Ben... deixo isto á consideración do lector. Antes de me despedir deixo soamente algunhas palabras, expresións e siglas que me levaron a abrazar este proxecto.

Afganistán, África, Banco Mundial, bolsa, Cimbabue, corrupción, crash, Darfur, débeda externa, emigración, EUA, fame, FMI, G8, globalización, humanidade, Iraq, Iugoslavia, Líbano, moda, Myanmar, OMC, OTAN, Palestina, petróleo, Quioto, Ruanda, sida, terrorismo, Timor, Unión Europea, vítimas, xenocidio, xenofobia.

Todas elas xurdiron mentres lía os xornais desta semana neste ano olímpico de 2008 e son elas as que me levan a pensar que talvez sexa apropiado montar Brecht. Non sei. Que opinan?

(Nuno Cardoso)

Bertolt Brecht

Nado en Augsburg en 1898, Bertolt Brecht é un dos dramaturgos máis destacados e anovadores do século XX. Estudou Medicina en Munich e durante a I Primeira Guerra Mundial traballou como enfermeiro nun hospital militar. Ao rematar a guerra, entrou en contacto cos círculos artísticos vencellados ao expresionismo e viron a luz as súas primeiras obras dramáticas: *Baal* (1920), *Tambores na noite* (1922), *Na espesura das cidades* (1921-1924) e *Un home é un home* (1927).

En 1926 comezou a súa dedicación intensiva ao marxismo cando estableceu un estreito contacto con Karl Korsch e Walter Benjamin. A súa *Ópera de catro cuartos* (1928) - con música do compositor alemán Kurt Weill - obtivo o maior éxito coñecido na República de Weimar. Ese ano casou coa actriz Helene Weigel. Desta época datan a ópera *Grandeza e decadencia da cidade de Mahagonny* (1929), tamén con música de Weill, e as chamadas obras didácticas (*A decisión*, *O que di si, o que di non*, *A excepción e a regra...*).

Será en 1930 cando empece a ter máis que contactos co Partido Comunista Alemán. O 28 de febreiro de 1933, un día despois da quema do Parlamento alemán, Brecht inicia o seu camiño cara ao exilio e tras unha breve temporada en Austria, Suíza e Francia, marcha a Dinamarca. En 1935 viaxa a Moscú, Nova York e París, onde intervéñen no Congreso de Escritores Antifascistas, suscitando unha forte polémica.

En 1939, temendo a ocupación alemá, trasladouse a Suecia e un ano máis tarde, a Finlandia, país do que tivo que escapar ante a chegada dos nazis; en 1941, a través da Unión Soviética (vía Vladivostok), instalouse en Santa Mónica, nos Estados Unidos, onde permaneceu aillado durante seis anos, vivindo de guións para Hollywood. Nestes anos de exilio escribiu, entre outras, as súas catro obras máis célebres: *Galileo Galilei* (1938), *A boa persoa de Sezuán* (1938-1940), *Nai coraxe e os seus fillos* (1941) e *O círculo de tiza caucasiano* (1944-1945).

En 1947 levouse á pantalla *Galileo Galilei*, con moi pouco éxito. A raíz da estrea deste filme, o Comité de Actividades Antinorteamericanas considerouno elemento sospeitoso e tivo que marchar a Berlín Este, onde organizou primeiro o Deutsches Theater e, posteriormente, o Theater am Schiffbauerdamm.

En Berlín, xunto coa súa esposa Helene Weigel, fundou en 1949 o coñecido Berliner Ensemble, e dedicouse exclusivamente ao teatro até a súa morte en 1956.

Nuno Cardoso, o compromiso emerxente portugués

Nuno Cardoso, actor, director, avogado frustrado e tímido por natureza, é un dos responsables do bo momento que atravesa a creación dramática contemporánea en Portugal.

Os seus espectáculos aséntanse sobre unha plástica impecable e sobre un traballo actoral físico de gran altura. Ademais o seu compromiso social levouno a realizar proxectos paralelos ás súas montaxes nos que os actores cos que contou foron presidiarios e xente nova de barrios marxinais.

Nacido en 1970 abandona os seus estudos de avogacía e historia para montar o grupo Visões Úteis no que desenvolve a súa actividade ata 1998. Nese mesmo ano asume a dirección do Teatro Nacional Carlos Alberto en Porto. Un espazo que baixo a súa dirección dá cabida a moitas das novas propostas artísticas de xente nova con discursos artísticos e plásticos máis contemporáneos.

É a súa estreita colaboración co Teatro Nacional São João á que o enaltece como un dos directores novos máis importantes da Península: *O despertar da primavera* de Frank Wedekind ou un impecable *Woyzeck* son os exemplos do seu traballo neste teatro a través do que se lle abren as portas de todos os teatros europeos como o Théâtre National de Bordeaux en Aquitania con *Antígona* de Brecht e o seu sobresaínte *Plasticina* para o Teatro Nacional São João.

En 2007 dirixe para o Teatro Nacional Dona María de Lisboa un *Ricardo II* e leva a cabo unha posta en escena paralela do mesmo texto con mozos de barrios marxinais de Lisboa, á que titulou *R2*. Para o mesmo teatro e no mesmo ano, esta vez en gran formato, levou a escena *Boneca* a partir de *Unha casa de bonecas* de Ibsen. O pasado mes de xullo estreou *Platónov* de Antón Chéjov para o Teatro Nacional São João.

2.2. *As Dunas*

Autoría: Manuel Lourenzo, dramaturgo residente da temporada

Dirección: Quico Cadaval

Estrea: 6 de marzo de 2009 no Salón Teatro (Santiago de Compostela)

Unha viaxe pola Mariña luguesa, da man dunha tropa estrafalaria. Músicos, danzantes e cantores, concentrados nunha vella nave industrial en desuso, a ensaiar números musicais para un spa que vai ser a revolución da zona. Jazz e funaná, amor, explotación e aventura na raia costeira da Mariña Oriental, de Barreiros á Ponte dos Santos.

Un cabaret sobre o paraíso perdido

Temos dúas maneiras de gozar da ficción, sexa no cinema, no palco ou nas páxinas dun libro. As ficcións, as narracións, arrebatánnos por dúas causas. Pode ser que nos seduzan porque nos falan do que nos é propio, do noso propio mundo, do que coñecemos e recoñecemos, ou pódennos atraer falándonos do descoñecido, do exótico, dos países que se perden no neboeiro do horizonte, eses lugares que dubidamos se son mesmo verdade ou se son o simple reflexo dun soño nun espello. En resumo, as persoas interesámonos só polo que coñecemos ou polo que descoñecemos, somos así.

Manuel Lourenzo, meu amigo, mestre e chufón, na súa extensa obra, que o obrigou a ampliar o caixón famoso onde dormen as pezas que ninguén viu, ten escrito moito sobre nós, o que nos é propio como país clandestino, cristián e atlántico, e tamén o que nos é propio espiritualmente. Tamén, filantropicamente, escribiu sobre países exóticos, sobre territorios da alma estranxeira, para sabermos, os de aquí, que se pode vivir mellor, menos infelices e menos indignos e que tamén se pode vivir peor, que non hai motivos para tanta queixa.

Eu lembro que, cando os dous eramos novos, escribiu un *Woyzeck* de Büchner, e digo escribiu e non traduciu, porque era tan noso o resultado que non podía ser completamente alemán. Aquel monumento á felicidade humana encontrou nas palabras galegas que lle deu Manuel Lourenzo un vehículo para o seu veneno.

Os velenos son moi importantes na súa obra, os velenos e todos os gabinetes alquímicos e todas as súas cerimoniais. A vontade de matar e o seu resumo químico nun frasco pequeno. Tamén lembro *Xoana*. Unha obra extraordinariamente estranxeira, a morte castelá, o amor flamengo, formas completamente alleas á nosa experiencia e á nosa tradición. Un teatro como un soño estrafalario.

Agora pedíume Manuel que traballe con el e eu estou feliz, polo que calquera pode sospeitar e mais polo que sei. Manuel Lourenzo prometeu unha peza sobre o que nos é propio completamente exótica, unha obra tan boa e que vai falar do noso país tan ben, que non o imos recoñecer. Imos ter a un tempo o propio e o exótico.

Un cabaré sobre o paraíso perdido. A paisaxe sinxela da infancia destruída, ironicamente, polo paraíso en cápsulas que é o turismo. A destrución do rostro dun país como unha catástrofe de cirurxía plástica, a ruína sentimental escenificada coralmente por un grupo de homes e de mulleres que procuran o amor enriba dunha onda de cemento. Tamén me prometeu que vai ser unha comedia. Algo completamente estranxeiro.

(Quico Cadaval)

Manuel Lourenzo, dramaturgo residente do CDG nesta temporada

Manuel Lourenzo é un dos grandes nomes propios das artes escénicas galegas, como pon de manifesto o Premio Nacional da Cultura Galega que recibiu o pasado mes de xuño. Contribuíu amplamente a conformar un teatro galego maduro e independente, a través das súas múltiples facetas que abranguen case todos os campos: autor, director, actor, tradutor, teórico, conferenciante, fundador de varias compañías, editor de coleccións literarias e profesor.

Nado en Ferreira do Valadouro en 1943, con vintedous anos creou xunto a Francisco Pillado o Grupo de Teatro O Facho, co que dá os seus primeiros pasos o teatro independente galego. Sucesivamente fundaría outros grupos e compañías: Teatro Circo (1967), Escola Dramática Galega (1978), Compañía Luís Seoane (1980), Elsinor Teatro (1990) e Compañía Casahamlet, que rexenta na actualidade.

Ademais de varios traballos para a radio, a televisión e o cinema, coordinou xunto con Francisco Pillado varias publicacións, como os Cadernos da Escola Dramática Galega, o Caderno do Espectáculo da Compañía Luís Seoane, Castrodouro-Teatro, Elsinor-Teatro e na actualidade a Revista Casahamlet. Ambos son autores tamén de varios estudos sobre a historia da dramaturxia galega, como *O teatro galego* (1979), *Antoloxía do teatro galego* (1981) e *Dicionário do teatro galego* (1987).

Lourenzo é autor de máis de cincuenta obras dramáticas, entre as que se atopan *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*, *As criadas*, *Defensa de Helena*, *Electra*, *Últimas faíscas de setembro*, *Veladas indecentes* e *Insomnes*. Verqueu ao galego pezas dos clásicos gregos e de autores como Goethe, Büchener, Fassbinder e Heiner Müller e levou a escena a dramaturgos como Sófocles, Eurípides, Puschkin, Chekov, Strindberg, Brecht e Genet, e a autores galegos como Castelao, Cunqueiro, Otero Pedrayo, Euloxio R. Ruibal, Xesús Pisón, etc.

O seu labor como escritor e director teatral foi recoñecido con máis dunha vintena de premios, entre os que se atopan o Premio Abrente, o Facho de poesía, o Celso Emilio Ferreiro de Poesía, o premio do Festival Internacional de Teatro de Ribadavia ao mellor director, o Rafael Dieste en dúas ocasións, o Premio Nacional de Literatura Dramática e o Pedrón de Ouro.

Quico Cadaval, o gran contador de historias

Actor, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galiza na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Nado en Ribeira en 1960, comezou na interpretación teatral a finais dos setenta no Centro Dramático Galego, dirixindo as pezas *Como en Irlanda* (1996) e *O ano do cometa* (2004). A mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, O Moucho Clerc.

Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un códice clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volveuse ás illas* e *O ano do cometa*, ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro, *Rapatú*, do conto popular europeo *A sogra do diablo*, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Traballou en diferentes producións da TVG, así como en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no audiovisual como actor e como guionista. Foi profesor de interpretación de "Operação Triunfo" (Portugal, 2003).

Recibiu o Premio María Casares 2007 á Mellor Dirección por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (CDG).

3. COPRODUCCIÓN

Como centro de apoio e creación dramática o CDG desenvolve un programa de coproducións que non só busca apoiar os traballos dos grupos galegos, senón tamén abrir o Centro a novas experiencias e propostas. Trátase de apoiar aqueles proxectos artísticos que non teñen actualmente unha saída comercial moi grande, mais que conteñen unha proposta artística e de investigación de alto nivel.

Nesta campaña 2008-2009 o CDG coprodúce tres proxectos, un deles destinado a público familiar e outros dous cun contido artístico máis arriscado. As tres coproducións son proxectos multidisciplinares levados a cabo por novas figuras da escena galega. Con isto, a compañía institucional pretende dar cabida nas súas programacións a aqueles discursos artísticos anovadores elaborados polos talentos emerxentes galegos.

Asemade, buscando dar máis apoio aos dramaturgos galegos, coproducirá o espectáculo *Delimvois* escrito por Rubén Ruibal co Teatro Oficina no Centro Cultural Vilaflor de Guimarães. O CDG afianza así unha necesaria ponte para a relación co teatro portugués.

3.1. *Rúa Aire*

Compañía: O retrete de Dorian Gray

Dirección, creación e interpretación: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno

Dirección externa: Jordi Farrés

Estrea: 29 e 30 de marzo de 2009 no Teatro Villa de Molina, Molina de Segura, Murcia

Rúa Aire é a nova proposta escénica para público familiar de O Retrete de Dorian Gray, a compañía que integran Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno coa finalidade de afondar no mundo do teatro visual, físico e de manipulación de obxectos.

O espectáculo, construído mediante a manipulación de globos, constitúe todo un reto para a compañía á hora de desenvolver todas as posibilidades dramáticas desta técnica que eles mesmos inventaron e coa cal levan traballando desde a súa creación en 2005.

No escenario, unha mesa de manipulación provista de todo tipo de recursos luminosos e sonoros. Aparecen dous titereteiros coas súas maletas cheas de máquinas, pequenas pezas escenográficas e globos desinchados. Unha vez establecidos, comezan a crear ante o público os primeiros bonecos, inflándoo e moldeándoo á vista con precisión de cirurxiáns. Os globos comezan a cobrar vida. Un mundo novo naceu.

O protagonista de *Rúa Aire* é un personaxe anónimo do cal coñecemos toda a súa biografía, desde o berce á cova: como crece, como se fai sabio, envellece e se despide da súa vida. Nesta viaxe polos momentos máis importantes da súa existencia e dos fitos históricos do seu mundo, pasan ante os ollos dos espectadores todo tipo de monicreques efémeros: animais, vexetais e personaxes que configuran un universo en continuo diálogo co público e cos seus manipuladores, os cales manteñen un control absoluto de canto acontece na escena (insiren a música, cambian as luces, etcétera).

O resultado é un idioma sen palabras. Proxeccións de sombras, monicreques de mesa, coreografías de mans... Unha aposta pola poética do sinxelo, por unha linguaxe visual limpa.

3.2. *ECO*

Compañía: Iván Marcos

Dirección, creación e interpretación: Iván Marcos

Estrea: 17, 18 e 19 de abril de 2009 no Salón Teatro, Santiago de Compostela

Desde a exploración de diferentes formas de percepción sensorial e mediante unha linguaxe teatral de carácter interdisciplinar, *ECO* investiga o momento en que unha figura, un son, un ente, se libera dunha superficie e acada a súa propia independencia.

O creador Iván Marcos pretende así enfrontarse á tendencia a someterse perante o diferente como valor absoluto, defendible desde o relativismo acrítico consigo mesmo, así como alertar sobre as pretensións dun universalismo igualmente absolutista que fomenta a aparición de modelos hexemónicos despóticos.

O evento explora a relación entre as cousas que desexamos, como pensamos, como nos tratamos a nós mesmos, os alimentos que decidimos comer, as nosas preferencias sexuais, clase social, herdanza... e como estes elementos son usados para a adquisición dunha identidade individual, instalando cada individuo nun colectivo humano constituído por todos aqueles que lle dan forma e cos cales se senten relacionados debido á súa orixe, orientación ou experiencia común.

Enriba do escenario, unha plataforma xiratoria ocupa o centro do espazo. Este artificio, típico do teatro kabuki, emprégase como un escaparate desde o cal observar, disecar e analizar o corpo e a voz do performer, pero tamén como unha plataforma viva, dinámica, desde onde se confronta o suxeito analizado coa realidade dun medio cambiante.

Esta plataforma é un elemento magnificador de todas aquelas cousas que se sitúan enriba dela: as cámaras de vídeo capturan imaxes que son despois proxectadas e magnificadas, os micrófonos amplifican o son, o sistema de rotación incrementa os

posibles ángulos de percepción... Desde este espazo, e baixo a supervisión do público, o performer comeza un proceso de construción e deconstrución da súa identidade. Un proceso vital e creativo, condicionado polo seu medio e pola plasticidade da súa estrutura.

3.3. *Wake up*

Compañía: Nut Teatro

Dirección: Carlos Neira

Estrea: maio de 2009

Con *Wake up*, a compañía Nut Teatro continúa a liña de traballo establecida nas súas anteriores propostas escénicas (*Corpos Disidentes*, *4.48 Psicose* e *A Mirada de Pier*), onde apostaba por obras experimentais que combinaban fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á arte realizativa ou de acción.

Centrado en investigar novas relacións co espectador e máis ligado ao proceso de creación que ao resultado, trátase dun espectáculo interdisciplinar en diálogo íntimo coas novas tecnoloxías que indaga nas novas teatralidades contemporáneas do panorama artístico internacional.

Tomando como punto de partida o concepto de intimidade, entendido este como a verdade sobre un mesmo, Nut Teatro presenta unha peza en que o espectador se converte nun voyeur-mirón de algo que pasa máis alá del e co cal se pode identificar. O espectador observa, é transgresor e cómplice mirando, sen sentirse protagonista. Trátase, en definitiva, de conseguir penetrar na intimidade das personaxes sen recorrer a confesións nin a datos biográficos pertencentes á vida privada.

A partir dunha situación límite diferentes persoas alugan un cuarto cunha soa cama que usan por quendas, o espectáculo reflexiona sobre a intimidade e ás relacións xurdidas de novos modelos de convivencia que o devir dos tempos fixo aparecer: as camas quentes.

Esta expresión refírese ao leito subarrendado a homes e mulleres que, carentes de recursos económicos, apenas poden pagar o alugueiro dun catre multiúsos. Este feito chega ao seu extremo cando algunhas destas persoas, vencidas polo sono, dormen por quendas en calquera habitáculo onde caiba un corpo, sen importar a posición, o lugar, a estreitura, a compañía ou a sucidade.

4. PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO

A programación do CDG complétase durante todo o ano no Salón Teatro cunha ampla oferta de espectáculos de calidade, xurdidos de propostas anovadoras que non son propias dos circuitos habituais das programacións máis convencionais. O teatro para adultos e para nenos e nenas, a danza, as *performances*, o circo e a música contemporánea compoñen unha visión atraente, completa e actual das artes escénicas no marco dunha sala pública.

Temporada de abono

Coa posta en marcha da actividade no Salón Teatro, ábrese tamén a temporada de abono. Durante o primeiro ciclo da programación, estará a disposición do público o Bono de Outono, válido para adquirir catro localidades para asistir a outras tantas funcións - a produción do CDG *A boa persoa de Sezuán*, máis outros tres espectáculos a escoller- por un prezo total de 20 euros.

Xunto á nova produción da compañía institucional da que se ofrecerán doce funcións para público familiar, a carteleira para este ciclo de Outono acollerá outros once espectáculos a cargo das compañías galegas Matarile Teatro, Teatro Cachuzo, Lagarta Lagarta, Teatro do Atlántico, Galitooon, Pistacatro e Sarabela Teatro, así como Kònic Thtr (Cataluña), Atra Bilis (Madrid), Teatro do Frío (Porto) e Teatro Gorakada (Euskadi).

O bono implica un aforro do 50% sobre o prezo xeral e pódese adquirir na billeteira do Salón Teatro. Igualmente, en decembro poranse á venda bonos para a *Mostra de Teatro Infantil no Nadal* e para o seguinte ciclo da programación Inverno-Primavera.

Programación de setembro - decembro de 2008

ESPECTÁCULO	COMPAÑÍA	DATAS
<i>Animales artificiales</i>	Matarile Teatro (Galicia)	25-28 setembro 2008
<i>Game over</i>	Teatro Cachuzo (Galicia) ESTREA	3-5 outubro 2008
<i>Aeroplanos</i>	Lagarta, Lagarta (Galicia)	9-12 outubro 2008
<i>A boa persoa de Sezuán</i>	CDG ESTREA (Galicia)	24-26 outubro 2008
<i>Nou I D. Proxecto de escena interactiva para danza e voz</i>	Kònic thtr. (Cataluña)	1-2 novembro 2008
<i>El año de Ricardo</i>	Atra Bilis Teatro (Madrid)	22-23 novembro 2008
<i>A boa persoa de Sezuán</i>	CDG (Galicia)	26 novembro-14 decembro 2008
<i>Unha primavera para Aldara</i>	Teatro do Atlántico (Galicia)	18-21 decembro 2008
Mostra de Teatro Infantil no Nadal		
<i>Babiliglub</i>	Galitoon (Galicia)	26 decembro 2008
<i>Diz que diz</i>	Teatro do frío (Portugal)	27 decembro 2008
<i>Ringorrango</i>	Pistacatro (Galicia)	28 decembro 2008
<i>La ciudad inventada</i>	Gorakada (Euskadi))	29 decembro 2008
<i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	Sarabela (Galicia)	30 decembro 2008

Teatro

Animales artificiales

MATARILE TEATRO (GALICIA)

25-28 de setembro de 2008

Autoría: Ana Vallés

Dirección: Ana Vallés

Elenco: Helen Bertels, Jose Campanari, Mónica García, Mauricio González, Iván Marcos, Ricardo Santana, Ana Vallés, Hugo Portas (tuba) e Ramón Vázquez (voz contratenor)

Espazo escénico e iluminación: Baltasar Patiño



Ana Vallés utiliza palabras que o surafricano e premio Nobel Coetzee escribiu no seu libro *Elizabeth Costello* para contar o argumento da obra: «Hai xente que ten a capacidade de imaxinarse como outra persoa e hai xente que non a ten (cando esa carencia é extrema, chamámoslos psicópatas). E hai xente que ten esa capacidade pero decide non póla en práctica». *Animales artificiales* xira en torno á empatía e o equilibrio entre o que queda do noso animal e os mundos artificiais que habitamos. Por unha banda, somos seres máis ou menos sensibles e a miúdo expresámolo espontaneamente.

Mesmo chegamos a comportarnos como verdadeiros brutos! E doutra banda, neste espazo compartido que inventamos non nos queda outra que cumprir as normas desde que nos erguemos ata que nos deitamos. Ou quedamos fóra. Así e logo, fomos perfeccionando unha grande habilidade para esconder a verdade. Somos bichos raros. Estamos afeitos observar. A nosa mirada atenta fíxonos hábiles para o disimulo, para a transformación, para a representación. E tamén para pórnos en lugar doutro, para meternos nos seus zapatos.

Teatro infantil - ESTREA

Game over

TEATRO CACHUZO (GALICIA)

3, 4 e 5 de outubro de 2008

Creación e dirección: Carlos Losada

Elenco: Silvia Cerniera, Fernando Epelde,
Christian Escuredo, Daniel Méndez, Laura
Migues e Pepa Yañez



Roi prende a videoconsola para botar outra partida co seu xogo favorito desde hai unhas semanas: a última versión dos súper loitadores Mortal Kombat versión 3.0. Pendente de chegar ao gran final do xogo, nin atende a chamada do seu amigo Sebas nin a do pai, e ten unha boa liorta coa nai. Malia todo, xoga coa consola ata quedar durmido deixando a Ken, o personaxe do seu videoxogo favorito, perdido baixo as letras vermellas de «Game over». Roi emprende así a viaxe ao seu país das marabillas e dos seus medos.

Game over de Carlos Losada obtivo o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2007. O xurado do certame salientou o interese do tema central da peza, o illamento o que se someten na actualidade os cativos enganchados ao mundo das pantallas. Así mesmo, destacou o interesante tratamento que se concede á violencia e a introdución da máquina como un dos personaxes.

Teatro

Aeroplanos

LAGARTA LAGARTA (GALICIA)

9-12 de outubro de 2008

Autoría: Carlos Gorostiza

Dirección: Rosa Álvarez

Elenco: Ernesto Chao e Xosé M. Olveira “Pico”

Tradución: Avelino González

Deseño da escenografía e vestuario: Equipo
ERRO

Iluminación: Eduardo Alonso



Dous homes, amigos desde a infancia, quedan viúvos case ao mesmo tempo. A partir dese momento a súa amizade vese reforzada, chegando a ser imprescindible o un

para o outro. As pelexas, o amor, a lealdade, a xenerosidade, a risa e as bágoas forman parte desta relación que consegue momentos hilarantes pero tamén cheos de gran tenrura e emoción.

Esta comedia de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil é, segundo a propia directora, «unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo. Unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia, unha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo». Álvarez destaca ademais que «sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles».

Teatro - ESTREA

A boa persoa de Sezuán

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA)

24, 25 e 26 de outubro de 2008

Autoría: Bertolt Brecht

Dirección: Nuno Cardoso

Elenco: Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Fran Salgado, Toni Salgado e Hugo Torres

Espazo escénico: F. Ribeiro

Iluminación: José Álvaro Correia

Espazo sonoro: Fran Pérez

Vestuario: La Canalla



Pasaron sesenta e cinco anos desde que un expatriado Brecht escribiu na vella California esta fábula amarga onde a bondade é detestada ao límite nun mundo desprovisto dela, e no cal a boa alma en cuestión adquire interpretacións cada vez máis distantes daquilo que o sentido común nos leva a definir como bondade ou persoa bondadosa.

A obra comeza coa baixada á terra de tres deuses coa esperanza de atopar persoas que sigan os seus ditados, isto é, que sexan persoas boas e xustas. A primeira que descubren é a única que os acolle en Sezuán: Shan-Che, unha prostituta a quen premian dándolle outro medio de vida, unha tenda de tabaco. Pero os habitantes da aldea non tardarán en aproveitarse descaradamente das boas intencións da moza, polo que esta, farta deles, decide disfrazarse dun personaxe masculino chamado Shui-Ta, que con enorme frialdade expulsa a todos os que queren vivir a conta do seu sacrificio.

Danza

Nou I_D.


Proxecto de escena interactiva para danza e voz

KÒNIC THTR. (CATALUÑA)

1 e 2 de novembro de 2008

Creación e dirección: Rosa Sánchez

Textos: Jorge Raedó e Rosa Sánchez



Nou I_D fálanos de persoas en mobilidade continua, desprazados que viven de forma provisional. Xentes en busca de novas oportunidades que, para conseguir achegarse ao seu soño, han de perder o seu pasado e adoptar novas identidades.

O seu soño chámase Miticland, un lugar estático de personaxes fixados a este espazo. En *Nou I_D* un personaxe quere entrar e outro tenta fuxir desa cidade imaxinaria. Son dous personaxes femininos que, xunto cos habitantes de Miticland, convértense na información que flúe polas súas arterias tecnolóxicas.

Sobre o escenario os corpos teñen o seu eco dixital nas pantallas de proxección e no son. A voz cantada condúcenos a través de diferentes situacións e reflicte os pensamentos e emocións dos personaxes. A música oscila entre un plano abstracto da vida cotiá urbana e a emoción que transmite a voz cantada, que descobre as rupturas expresivas que senten os personaxes nese contorno.

Teatro

El año de Ricardo

ATRA BILIS TEATRO (MADRID)


22 e 23 de novembro de 2008

Creación e dirección: Angélica Liddell

Elenco: Gumersindo Puche e Angélica Liddell

Deseño de espazo e vestuario: Angélica Liddell

Iluminación: Carlos Marqueríe



As relacións entre corpo e poder, entre o privado e o público, sosteñen a este Ricardo monstruoso, exhibicionista cínico, que aproveita os puntos débiles dos réximes lexítimos para xustificar a súa repugnante alianza coa inxustiza. Ricardo é un vil manipulador de opinión; utiliza o narcisismo da masa incómoda e o egoísmo do individuo próspero para pór ao pobo a favor de accións infames. A súa máxima aspiración consiste en instaurar o temor como orde mundial; desexa convencer á sociedade enteira de que a maior seguridade estriba no temor. Este Ricardo, conxunto de ambición e historial clínico, atópase situado en terreos próximos ás tiranías coñecidas, aínda sanguentas, sen o dó debido, como esas feridas que zumegan de novo en presenza dos asasinados. Pero está aínda máis próximo ao xenocidio lexítimo dos actuais tiranos, expertos en enmascarar os seus innumerables crimes baixo a maquillaxe democrática. Ricardo é un deses que ascenden ao poder valéndose do sistema democrático pero sen crer en parlamentos nin democracias, é un deses que utilizan os votos dunha maneira hipócrita, ruín e absolutista.

Teatro

A boa persoa de Sezuán

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA)

26 de novembro - 14 de decembro de 2008

Autoría: Bertolt Brecht

Dirección: Nuno Cardoso

Elenco: Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Fran Salgado, Toni Salgado e Hugo Torres

Espazo escénico: F. Ribeiro

Iluminación: José Álvaro Correia

Espazo sonoro: Fran Pérez

Vestiario: La Canalla

Teatro

Unha primavera para Aldara

TEATRO DO ATLÁNTICO (GALICIA)

18-21 de decembro de 2008

Autoría: Teresa Moure

Dramaturxia e dirección: Xúlio Lago

Elenco: María Barcala, María Bouzas, Belén Constenla, Marcos Correa, Josi Lage, Amparo Malo, Xoán Carlos Mejuto, Pilar Pereira, Lucía Regueiro e Agustín Vega

Espazo escénico e vestiario: Carlos Alonso

Iluminación: Xúlio Lago



As monxas residentes no mosteiro de Santa María están a pasar por un momento difícil no que atinxe á súa subsistencia; os medios económicos non alcanzan e os arrendatarios das súas terras hai tempo que non lles fan pago das rendas.

No exterior é tempo de revoltas contra dos abusos dos nobres feudais, que fixeron dos tributos e dos dereitos señoriais un agravio permanente contra os labregos, con frecuentes violacións de señores e soldados sobre as persoas e as propiedades; estase a producir un crecente movemento de rebeldía: estoupa a Revolta Irmandiña.


Un criado chega ao convento solicitando abeiro para o seu señor, cabaleiro irmandiño ferido gravemente na batalla e necesitado de refuxio e coidados para sandar. As monxas, logo de intensos debates, xa que as regras non permiten presenza masculina no convento, deciden pór por diante a misericordia e acoller o forasteiro ata que se vexa curado das súas feridas.

Unha primavera para Aldara foi, por unanimidade do xurado, o texto gañador do XIII Premio Rafael Dieste e constitúe o primeiro texto teatral de Teresa Moure. Nesta proposta hai espazo para o drama, a comedia, a traxedia, o teatro «costumista» e moitas outras cousas.

Teatro infantil

Mostra de Teatro Infantil no Nadal

26-30 de decembro de 2008



Monicreques

Babiliglub (para menores de 3 anos)

GALITOON PRODUCTIONS (GALICIA)

26 de decembro de 2008

Creación e dirección: Andrea Bayer

Elenco - Manipuladores: Santiago Alonso, Xurxo Cortázar e Óscar Ferreira

Iluminación: Xurxo Cortázar

Música: Xosé Liz e Elena Paz

Duración: 35 min.

A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar veranse interrompidas por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos. O noso pequeno amigo tentará integrarse na vida cotiá das profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos, agás dunha pequena estrela. Xuntos vivirán divertidas e destemidas aventuras tentando ser aceptados polo resto. A musicalidade, o ritmo e a plasticidade están presentes en todo o espectáculo e atraparán desde o principio a pequenos e maiores.



Teatro

Diz que diz (a partir de 6 anos)

TEATRO DO FRÍO (PORTO, PORTUGAL)

27 de decembro de 2008

Autoría: António Torrado

Adaptación teatral, creación e interpretación:

Catarina Lacerda, Rodrigo Malvar e Rosário Costa

Iluminación: Jorge Castro

Música: António Sérgio

Duración: 40 min.

Diz que diz é un espectáculo inspirado nos versos miúdos do libro *Como Quem Diz* de António Torrado, que fala do universo fantástico dos poemas utilizando a linguaxe corporal e visual e a manipulación de obxectos.

Neste espectáculo, tres actores, nalgún espazo entre a casa e o quintal, déixanse habitar polo universo poético de *Como quem diz*, polos seus espazos e personaxes, dando corpo e voz, melodía e son ás historias e poesías que o compoñen. Para iso contan con unha estrutura escénica plurisemántica, diversos obxectos manipulables e moita, moita imaxinación.



Circo

Ringorrango (para todos os públicos)
PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS
(GALICIA)

28 de decembro de 2008

Creación: colectiva

Elenco: Xabier García Mera, Aitor Garuz Milla e
Pablo Reboleiro Trasno

Duración: 60 min.

Circo, ritmo, música e humor. Todos estes elementos están mesturados nunha hora de diversión asegurada para toda a familia. Malabares con instrumentos musicais, música feita con elementos malabares... un mundo ao revés onde a ilusión, a alegría e o divertimento camiñan ao ritmo imposto en todo momento polos artistas.

Tres cómicos/músicos/malabaristas/acróbatas/bailaríns mesturan todos os seus coñecementos, sempre a ritmo dunha música pegadiza e popular que fará que os espectadores non paren nunca de rir.



Monicreques

La ciudad inventada (a partir de 5 anos)
TEATRO GORAKADA (EUSKADI)

29 de decembro de 2008

Creación e dirección: Jokin Oregui

Manipuladores: Oihane Enbeita, Miren
Gaztañaga, J. Cruz Gurrutxaga e Susana Soleto

Música: Santiago Ramos

Iluminación: Jorge García Nicolás

Diseño de marionetas: Eider Eibar

Espazo escénico: Javi Tirado

Duración: 55 min.

Un neno senegalés coñece a unha nena brasileira que non pode durmir porque o seu pai abandonouna. Os dous nenos, que viven as súas aventuras en contos distintos, comparten as súas dúbidas e os seus medos descubrindo que non é tanto o que os separa. Un malvado feiticeiro palestino é derrotado polo pequeno Maui, personaxe dun conto tradicional neocelandés. Mentres, un coello arxentino pide axuda aos seus veciños para recuperar a súa casa, ocupada por un estraño. En *La ciudad inventada* conviven varios contos tradicionais de distintos lugares do planeta. Como ocorre coas persoas, relaciónanse entre si, mestúranse e enriquecéanse, dando lugar a unha historia moderna e de forza irresistible.



Teatro

Cristovo e o libro das marabillas (a partir de 6 anos)

SARABELA TEATRO (GALICIA)

30 de decembro de 2008

Creación e dirección: Fina Calleja

Elenco: Tito Asorey, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago e Elena Seijo

Manipuladores: José M. Bayón e Rubén Dobaño

Espazo escénico e iluminación: Suso Díaz

Música: Renata Codda Fons

Duración: 50 min.

Cristovo Colón sentía gran admiración por Marco Polo: de feito, *O libro das marabillas* do mercador veneciano acompañou ao navegante na súa viaxe con intención de chegar por outra ruta a aquelas «Indias» descritas 200 anos antes.

Cristovo e o libro das marabillas recolle esta fascinación para amosar a un Colón neno ao cal o mundo quédalle pequeno e aborrece a escola. Cristovo quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. Sofía e *O libro das marabillas* descubrirlle que a máis grande aventura está no coñecemento. Como se non un neno de doce anos pode coñecer Constantinopla, Samarkanda, as estepas tártaras ou a escintilante corte de Kublai Khan?

Programación de xaneiro - xuño de 2009 (avance)

Teatro

Noite de Reis, ou o que queirades

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA)

Xaneiro de 2009

Reposición

Autoría: William Shakespeare

Dirección: Quico Cadaval

Circo

Ciclo Circo en Escena

Febreiro de 2009

Teatro - ESTREA

As Dunas

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA)

6 de marzo - 5 de abril de 2009

Autoría: Manuel Lourenzo

Dirección: Quico Cadaval

Teatro contemporáneo - ESTREA

ECO

IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA)

17, 18 e 19 de abril de 2009

Dirección, creación e interpretación: Iván Marcos

Teatro

Celebración dos 20 anos de Teatro do Morcego

TEATRO DO MORCEGO EN COPRODUCCIÓN CON SEIVA TROUPE E A COLABORACIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA / PORTUGAL)

Abril de 2009

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Febreiro / Abril / Maio de 2009

Teatro - ESTREA

Delimvois

TEATRO OFICINA (Centro Cultural Vilaflor, GUIMARÃES, PORTUGAL) EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (GALICIA)

23 e 24 de maio de 2009

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Marcos Barbosa

Accións

AcciónST

Terceiro ciclo de accións nos espazos non escénicos do Salón Teatro

3-7 de xuño de 2009

Danza

Ovay

13 e 14 de xuño de 2009

QUIQUE PEÓN CÍA. EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (GALICIA)

Teatro

Wake up

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
(GALICIA)

22 e 23 de xuño de 2009

Dirección: Carlos Neira

Teatro

A Piragua

ABRAPALABRA

Xuño de 2009

Autoría e dirección: Cándido Pazó

5. ESPAZOS CDG


O teatro próximo

Os Espazos CDG, dos que forman parte ademais do Salón Teatro diferentes escenarios da Coruña, Ribadeo, Burela, Ferrol, Narón, O Barco, Ourense, Pontevedra, Tui, Vilagarcía e Vigo, consolídanse baixo a premisa de facer que o teatro estea cada vez máis próximo aos espectadores.

A súa organización conxunta resposta á dobre necesidade de garantir a accesibilidade total ao teatro e de converter a estadía do CDG en cada localidade nunha oportunidade de difusión que rebase o feito escénico illado e se faga notar en cada área xeográfica de influencia mediante o desenvolvemento de accións de promoción para as artes escénicas en xeral.

Alén diso, nesta temporada todas as actividades paralelas e de difusión que se desenvolvan terán unha maior presenza en todos estes lugares co obxectivo principal de achegar as artes escénicas ao público.

Son Espazos CDG:



A Coruña. Teatro Rosalía de Castro
A Mariña (Ribadeo e Burela). Auditorio Municipal de Ribadeo
Ferrol. Teatro Jofre
Narón. Auditorio Municipal
O Barco de Valdeorras. Teatro Lauro Olmo

Ourense. Teatro Principal
Pontevedra. Pazo da Cultura
Santiago de Compostela. Salón Teatro
Tui. Teatro Área Panorámica
Vilagarcía de Arousa. Auditorio Municipal
Vigo. Centro Cultural Caixanova

6. SERVIZOS Á CIDADANÍA

Como referente escénico do país, o CDG incentivará o achegamento á actividade escénica, mediante a posta a disposición dunha serie de servizos dirixidos a reforzar a súa relación con toda a cidadanía: espectadores, afeccionados e profesionais do teatro.

Poranse en marcha neste apartado procedementos para o préstamo de atrezzo do fondo dispoñible de producións anteriores, o servizo de asesoramento profesional para entidades interesadas, a organización de visitas guiadas individuais e para grupos ás dependencias do Salón Teatro, o acceso ás xornadas de traballo técnico, que permitirán a presenza externa nos procesos de montaxe e desmontaxe de espectáculos, así como a iniciación ao mundo do teatro grazas ás xornadas pegadóxicas.

De forma sintética, estes servizos consisten en:

6.1. Servizo de préstamo de atrezzo

Poñerase a disposición das entidades solicitantes o fondo dispoñible de atrezzo do CDG.

> Condicións:

- O préstamo terá unha duración limitada dun mes.
- O préstamo estará suxeito á dispoñibilidade do fondo de atrezzo no momento do pedimento.

> Trámite:

- Deberase encher a folla de pedimento correspondente para a concesión do préstamo indicando os elementos que se precisan.
- O CDG examinará o fondo e en 15 días emitirá unha proposta de préstamo axeitada ao pedimento.
- Co acordo de ambas partes efectuarase o préstamo.
- Devolverase o préstamo dentro da datas indicadas.

> Duración do servizo:

- De outubro de 2008 a xuño de 2009.

6.2. Servizo de asesoramento profesional

Poñerase a disposición das entidades un profesional do sector que se desprazará a cada sede da entidade coa intención de servir de apoio e asesoramento profesional nas seguintes actividades:

- Participación en foros, mesas de debate, coloquios... como profesional do sector.
- Asesorar desde unha perspectiva profesional en montaxes ou aulas de artes escénicas de tipo formativo.

> Condicións:

-O servizo de asesoramento terá un límite de dúas xornadas por entidade asesorada.

-O servizo de asesoramento non poderá ser utilizado por persoas individuais ou por entidades con fin de lucro.

> Trámite:

-Cumprimentarase o formulario correspondente indicando o tipo de asesoramento solicitado, as datas nas que se pretende realizar e as características do grupo no que se vai realizar o asesoramento.

> Duración do servizo:

-De outubro de 2008 a xuño de 2009.

6.3. Viaxe ao teatro

Organizaranse visitas á sede do CDG, o Salón Teatro de Compostela, asesorando sobre cal é a peza ideal para poder ver segundo as características dun determinado grupo. Ofreceranse visitas guiadas gratuítas polo Salón Teatro e xenerosos descontos para grupos.

> Condicións:

-O grupo mínimo suxeito a desconto é de 10 persoas.

> Trámite:

-O trámite será telefónico ou vía correo-e.

> Duración do servizo:

-De outubro de 2008 a xuño de 2009.

6.4. Xornadas técnicas

Para ver como é unha xornada de traballo nun teatro profesional, como funciona por dentro e como se leva a cabo unha montaxe dun espectáculo de envergadura.

> Condicións:

-As xornadas, por cuestións de operatividade, estarán limitadas a dúas persoas por xornada.

-O servizo está limitado ás persoas que se ocupen dos aspectos técnicos das entidades solicitantes.

> Trámite:

-Encher o formulario correspondente indicando o nome da persoa que sería beneficiaria.

-Poderase ver como é unha xornada de traballo nun teatro profesional, como funciona por dentro e como se leva a cabo unha montaxe dun espectáculo de envergadura.

> Duración do servizo:

-De outubro de 2008 a xuño de 2009.

6.5. Xornadas pedagóxicas

Organizaranse obradoiros de iniciación ao teatro destinados a todos os sectores da poboación.

> Condicións:

- Os grupos participantes non poderán ser maiores de 15 persoas.
- No caso de seren rapaces, procurarase que teñan unha idade homoxénea.

> Trámite:

- Presentar a solicitude no CDG.

> Duración do servizo:

- De outubro de 2008 a xuño de 2009.

* Como acollerse aos servizos:

Estes servizos están dispoñibles indistintamente sempre e cando sexa en beneficio dunha actividade relacionada coas artes escénicas e dirixida a un colectivo sen ánimo de lucro.

7. CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA

O teatro do futuro

Desde a súa creación no ano 2006, o Centro de Creación Dramática Contemporánea (CDC) presta un apoio continuado aos creadores na súa exploración de novas linguaxes dramáticas, tanto textuais como xestuais.

Nesta nova temporada, o CDC seguirá a impulsar a dramaturxia galega a través do intercambio de coñecementos e experiencias, do fomento de proxectos de investigación en novas linguaxes escénicas que teñan en conta a utilización das novas tecnoloxías como elemento central e do achegamento a outras disciplinas artísticas.

As actividades deste Centro darán comezo no mes de novembro coa terceira edición do curso *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*, que dirixirá unha vez máis Cándido Pazó, e a segunda parte de *A escena aumentada: Galicia*, o laboratorio de I+D+i dirixido por Rosa Sánchez e Alain Baumann, de Kònic Thtr.

7.1. *Pistas para unha dramaturxia da actualidade III*

Salón Teatro (Santiago de Compostela), de novembro 2008 a maio 2009

Director: Cándido Pazó

Seguindo o modelo comezado na temporada 2006-2007, o obradoiro ten como obxectivo que os alumnos/as poidan crear un texto dramático ao longo dos meses nos que se realiza a actividade, de novembro a maio.

Igual que nas anteriores edicións, a función do director do curso, Cándido Pazó, será a de coordinar os proxectos dos asistentes ao laboratorio, así como convidar a dramaturgos nacionais e internacionais, para que en estancias de máximo cinco días impartan talleres de creación dramática.

O curso está estruturado ao longo de seis meses, nos que se impartirán catro obradoiros de 15 horas de duración cada un e se propiciarán encontros con autores e directores. Asemade, haberá un seguimento regular do traballo por parte do director do curso para revisar o nivel de desenvolvemento dos traballos.

O curso está dirixido a persoas con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas (no campo amador ou profesional). O número de asistentes será de 10 a 12, sen límite de idade, que serán seleccionados previamente a través de currículo ou presentando un texto breve (máx. 10 folios).

Cándido Pazó (Vigo, 1960)

Autor, director de escena, narrador oral e actor, Cándido Pazó inicia a súa actividade como actor en 1975 como parte do nacente movemento teatral galego, sendo un dos benxamíns das xeracións xurdidas arredor da histórica Mostra de Ribadavia. Na súa formación non regradada cómpre salientar o seu paso pola École Philippe Gaulier de París, que deixará fonda pegada na súa obra. Logo dunha primeira etapa como actor e axudante de dirección en varias compañías, debuta como autor e director con *O merlo branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989), representada polo seu grupo Tranvía Teatro.

Como director habitual de Ollomoltranvía, asina o seu traballo máis célebre, *Commedia, un xoguete para Goldoni*, montaxe de commedia dell'arte recoñecida cos premios Compostela 93 ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección e Mellor Actor Protagonista, así como cos premios ao mellor espectáculo outorgados pola Crítica del País Valenciá (1994) e pola Asociación Independiente de Teatro de Alicante (1995). Realizou tamén postas en escena, adaptacións e traducións para diferentes compañías e para o CDG, con textos propios e de Roma Mahieu, Gil Vicente, Quico Cadaval, Marco Antonio de la Parra, Suso de Toro, Sanchis Sinisterra, Therry Jones, Umberto Eco ou Itziar Pascual.

Entre outros dos moitos espectáculos dos que foi autor ou director destacan *Raíñas de Pedra; Nau de Amores*, a partir de textos de Gil Vicente e producido polo CDG; *Nano*, monólogo sobre textos da novela *Tic Tac* de Suso de Toro (Premio María Casares 98 á Mellor Adaptación, Mellor Dirección e Mellor Actor); *O bululú do linier* (Premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal); *Miedo Escénico* (con outros autores, estreado en 2001 en Madrid por Yacer Teatro); *Imaginar, ni dormir ni roncar* (con outros autores, estreada en 2001 en Valencia por La Caixeta); *NikiÑaque* (Premio Max 2002 ao Mellor Texto Orixinal en Galego), *Binomio de Newton*; *Bicos con lingua*, con outros autores (María Casares 2004 ao Mellor Texto Orixinal); e *García* (María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal). En 2007 escribiu e dirixiu para o CDG o texto *A piragua*, polo que recibiu o premio ao Mellor Texto Orixinal na XII edición dos Premios de Teatro María Casares.

Foi un dos dramaturgos seleccionados para a Maratón Europea da Creación Teatral do programa da Capitalidade Cultural Europea de Bruxelas 2000, na que escribiu *O último roedor*, estreada polo grupo belga Canadair baixo a dirección de Alain Wathieu. Canto á narración oral, alén das súas constantes actuacións en locais especializados, ten participado en numerosos festivais en España, Portugal e América Latina, e imparte un seminario anual sobre “a oralidade no actor” na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto.

7.2. *A escena aumentada: Galicia (2ª parte).* *Dramaturxia, coreografía e linguaxes de comunicación audiovisual interactiva*

En colaboración co Centro Coreográfico Galego e co Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela

Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago de Compostela), de novembro 2008 a novembro 2009

Directores: Rosa Sánchez e Alain Baumann [Kònic Thtr.]

A Escena Aumentada: Galicia (2ª parte) é a continuación do laboratorio de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) iniciado a temporada pasada. Dirixido por Kònic Thtr., pretende estudar a relación da escritura escénica coas linguaxes audiovisuais. Unha experiencia interdisciplinar que intercala a instalación e a performance, e busca a relación entre movemento, palabra, vídeo, son e datos dixitais xestionados en escena a tempo real.

Esta segunda parte de *A Escena Aumentada* consistirá nun laboratorio de creación-investigación ao que accederá un número moi limitado de participantes e no que Kònic Thtr. convidará a un especialista en novas tecnoloxías para apoiar o traballo que se fará no laboratorio.

Ten os seguintes obxectivos inscritos no ámbito do sector cultural de Galicia:

- Facilitar o acceso dos profesionais do ámbito das artes escénicas ás novas tecnoloxías para achegar a súa innovación e incorporación ao contexto cultural europeo de I+D.

- Facilitar o proceso de tecnificación e dixitalización do sector cultural, particularmente das artes escénicas galegas.

- Interconectar a comunidade cultural de Galicia nos fluxos globais da nova cultura.

- Dotar de recursos e coñecemento aos profesionais galegos que traballan en proxectos interdisciplinares.

- Proporcionar/desenvolver ferramentas audiovisuais e interactivas para aplicarlas á escritura escénica e coreográfica no contexto da Galicia contemporánea.

- Investigar e desenvolver novas linguaxes.

- Establecer un ámbito interdisciplinar onde directores de escena, intérpretes, coreógrafos, teóricos, artistas audiovisuais, músicos e tecnólogos poidan compartir procesos e aplicacións, para xerar un corpo de coñecemento compartido e crear pezas escénicas cun valor artístico engadido.

O curso, dirixido a persoas con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas dentro das especialidades de: dirección de escena, dramaturxia, coreografía, deseño de iluminación, deseño de espazo sonoro, escenografía; ábrese tamén a especialistas en informática e novas tecnoloxías e a artistas multimedia interesados nas artes escénicas.

Kònic Thtr. [Rosa Sánchez e Alain Baumann]

Rosa Sánchez e Alain Baumann son os impulsores da liña conceptual, creativa e tecnolóxica de Kònic Thtr. Comezan a súa colaboración en 1990 baixo este nickname e desde entón contan cunha longa traxectoria profesional en relación á investigación entorno a novas tecnoloxías, non en van, a prensa especializada os reconece como un colectivo pioneiro na presentación de instalacións e performance intermedia na escena internacional.

Especializáronse na creación de proxectos artísticos que incorporan sistemas de tempo real. Proxectos expositivos e escénicos que implican na súa realización ás tecnoloxías interactivas, as linguaxes audiovisuais e multimedia, a música, a performance e/ou a danza; este traballo de estudo, á súa vez, intercalárono coa organización de laboratorios nos que imparten/comparten os seus coñecementos. Así, ambos desenvolven actividades de formación e investigación destinadas a diversos sectores profesionais entre os que se inclúen todos aqueles coreógrafos, directores de escena, intérpretes, artistas visuais, músicos, informáticos, especialistas en electrónica, arquitectos ou teóricos interesados en experiencias escénicas que utilizan novas tecnoloxías.

A formación de Rosa Sánchez (artista multidisciplinar e multimedia, performer e coreógrafa) e a de Alain Baumann (músico, artista multimedia e investigador de novos sistemas para producir son) fai posible a multidisciplinaridade dos seus proxectos, que abranguen performances, instalacións plásticas e escenografía.

A súa traxectoria vén avalada pola participación en numerosos festivais e eventos multimedia, en espazos tan prestixiosos como o Institute of Contemporary Arts (ICA) de Londres, o Centro Nacional de las Artes de México DF ou o Museo de Arte Contemporáneo de Barcelona (MACBA).

7.3. Residencias artísticas

Coa finalidade de apoiar a creación dramática en todos os seus aspectos, o CDC ampliará a súa oferta de servizos para os profesionais do sector en 2009. Así, abrirá unha liña de colaboración cos creadores mediante residencias de teatro e artes escénicas.

O obxectivo desta medida é potenciar e impulsar a creación escénica galega poñendo ao dispor dos creadores espazos e medios técnicos e humanos para que poidan desenvolver a súa actividade dun xeito profesional e axeitado.

Farase unha convocatoria pública en que poderán participar todos aqueles creadores vinculados ao teatro e ás artes escénicas.

8. PUBLICACIÓNS

Atendendo ao seu papel de dinamizador das artes escénicas, o CDG impulsará a publicación da escrita teatral galega e universal empregando a fórmula da coedición. Neste sentido, e igual que nas anteriores temporadas, publicará os textos das súas producións dentro da colección *Escena Aberta*.

Ao tempo, o Centro favorecerá a publicación en galego dos textos das coproducións nas que participe e das obras resultantes do seu obradoiro *Pistas para unha dramaturxia da actualidade III* do Centro de Creación Dramática Contemporánea.